

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES O Ribeiro

CURSO: ESO ADULTOS MÓDULO 2

MATERIA: Ámbito da Comunicación

DEPARTAMENTO: Dpto. LINGUA GALEGA e LITERATURA

DATA: 15 maio 2020

PROFESORA: M^a Isabel Gil Cacheiro

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.2. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A reportaxe, artigos de opinión, editoriais.	B2.2.1. Comprender, interpretar textos xornalísticos (a reportaxe, artigos de opinión, editoriais).
	B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe utilizada de textos xornalísticos: a reportaxe, artigos de opinión, editoriais.
B2.4. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva.	B2.4.3. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación comunicativa.
	B2.4.5. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).
B2.5. Buscar palabras en dicionarios en papel ou dixitais, motores de busca da información...	B2.5.1. Busca palabras (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en dicionarios en papel ou dixitais.
B2.7. Producir textos xornalísticos, a partir dun modelo, en formato papel ou dixital	B2.7. 1. Produce textos xornalísticos, a partir dun modelo, en formato papel ou dixital
B2.11 Usar, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto.	B2.11.2. Usa, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto.
B2.12. Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.	B2.12. 1. Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.
B2.13. Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e das experiencias.	B2.13.1. Produce textos nas linguas galega e castelá fóra do ámbito académico.
B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita	B3.1. 1. Coñece as diferentes características da linguaxe oral e escrita
B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas.	B3.4.1. Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas) e do til diacrítico.
	B3.4.2. Recoñece e aplica as normas de uso do LL e do Y en lingua castelá.
	B3.4.3. Recoñece e aplica as normas de uso do G e do J en lingua castelá.
	B3.4.4. Recoñece e aplica as normas de uso do S e do X nas linguas galega e castelá
B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.
B3.7. Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción.	B3.7.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción) nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir

	erros
B3.8. Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.	B3.8.1. Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, utiliza este coñecemento para corrixir erros
B3.9. Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos do contorno inmediato, situacións e actividades cotiás e necesidades básicas.	B3.9.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.
B3.10. Recoñecer e usar correctamente as relacións de sinonimia, polisemia e antonimia.	B3.10.1. Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas

1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

1.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

A actividade lectiva do Módulo 2 comezou dúas semanas antes do 13 de marzo. Ao ser un ensino semipresencial só tivemos dúas sesións na aula polo que non se fixo ningunha proba escrita avaliabile.

Durante este semestre traballaranse aprendizaxes básicas e esenciais da materia, é dicir, aquelas que están ligadas ao desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado.

Xa que o traballo desenvolto é escrito na súa totalidade basearase nas destrezas de comprensión e produción de textos escritos e nos contidos mínimos gramaticais da materia.

Segundo isto, prestarase especial atención a:

- Presentación dos exercicios, actividades... requeridos polo profesor e dentro do prazo establecido, o que revela interese pola materia e participación activa nas tarefas do semestre. Non entregar as tarefas lerase como abandono da materia e suporá o suspenso da mesma.
- Corrección no uso da lingua.
- Produción correcta de textos escritos.
- Corrección e xusteza dos contidos.

Os exercicios realizados valoraranse nun 70% e haberá unha proba escrita que contará un 30%. A nota media deberá acadar un 4'5 para superar o módulo.

1.2 Cualificación final

A cualificación final basearase na media das tarefas entregadas neste semestre (70%) e unha proba escrita (30%). O alumno deberá ter unha nota media entre as dúas igual ou superior a 4'5 para aprobar.

Para isto será requisito indispensable ter entregados os exercicios deste semestre na súa totalidade ou nunha porcentaxe elevada. Así mesmo, as tarefas deben estar entregadas dentro do prazo establecido para sumar.

Lembrar que esta parte da materia supón un 66'6% que deberá sumarse á parte de Inglés (un 33'3 %). O alumno deberá acadar un 4'5 de media para aprobar.

1.3 Proba extraordinaria de setembro

Dependo da situación sanitaria as probas extraordinarias de setembro poderanse realizar de xeito presencial ou telemático (con exercicios e probas elaboradas para tal efecto).

En calquera caso, a avaliación extraordinaria consistirá nunha proba global de toda a materia dada. Para aprobar será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 no exame presencial da materia ou, de ser o caso, nas probas telemáticas.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

2.1. ACTIVIDADES

2.1.1. Actividades de recuperación, repaso, reforzo

UNIDADE 6

- Regras de acentuación. O til diacrítico
- Ortografía: b/v, h, s/x, ll/y, g/j
- Os signos de puntuación
- O pronome persoal
- O verbo
- O adverbio
- Sintaxe: suxeito e predicado
- Campo semántico. Sinónimos, termos contrarios, homonimia e polisemia

UNIDADE 7

- O texto narrativo
- Textos xornalísticos
- Texts descontinuos: táboas, gráficos, mapas...

UNIDADE 8

- Elementos da narración

Engádese a comprensión lectora e a produción e expresión escrita.

2.2. METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía será participativa e activa. Consistirá nas tarefas indicadas polo profesor e na práctica mediante exercicios escritos.

Cada martes envíanse 3 fichas aos alumnos que deben entregar antes das 8 da tarde do martes seguinte. Ademais, mándanse os boletíns de recuperación para aqueles alumnos que non superaron o Módulo 3.

Ao martes seguinte a profesora envía unha corrección xeral ou individual (no caso das redaccións, por exemplo).

2.3. MATERIAIS e RECURSOS

- Unidades Educación Secundaria para persoas adultas Ámbito da comunicación (Educación a distancia semipresencial) Xunta de Galicia
- Páxinas web indicadas polo profesor ou que o alumno considere.
- Apuntamentos enviados pola profesora.

2. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

3. 1. Información ao alumnado e ás familias

O profesor traballa cos alumnos mediante e-mail e grupos de whatsApp con cada grupo de clase.
A comunicación coas familias realízase mediante os mesmos medios.

3.2. Publicidade

Esta adaptación da programación publicarase na web do centro